

## **ARTES ESCÉNICAS**

### **OPCIÓN A**

1. O circo como espectáculo escénico: características, evolución histórica (4 puntos).

1. *El circo como espectáculo escénico: características, evolución histórica (4 puntos).*

2. Sinala e explica as directrices de cara á posta en escena do fragmento (dirección de actores/interpretación, iluminación, xestión do espazo, escenografía e atrezzo...). Inclúranse aspectos relacionados coa posible recepción do espectáculo e o seu público potencial. (6 puntos).

2. *Señala y explica las directrices para la puesta en escena del fragmento (dirección de actores/interpretación, iluminación, gestión del espacio, escenografía, atrezzo...). Se incluirán, asimismo, aspectos relacionados con la posible recepción del espectáculo y su público potencial. (6 puntos).*

“HELMER: (*Busca entre os seus papeis*) Está decidido! (*Entra a doncela*)

HELMER: Mire, colla esta carta. Marche á vila e entréguela a un mensaxeiro. Vaia á presa. O enderezo atoparao na carta. Aquí ten os cartos.

A DONCELA: Si, señor. (*Colle a carta e marcha*)

HELMER: (*Xunta os papeis*) Acouga, miña mulleriña teimuda.

NORA: (*Sen respirar*) Torvald, que carta era esa?

HELMER: A carta de despido de Krogstad.

NORA: Que volta a moza, Torvald! Dígoche que a chames! Aínda estás a tempo. Tes que facelo por min, por ti mesmo, e polos rapaces! Que o fagas, Torvald! Non sabes que desgrazas pode traernos todo isto.

HELMER: Demasiado tarde.

NORA: Si, demasiado tarde!

HELMER: Pódoche perdoar este temor no que vives dende hai un tempo, Nora, aínda que en realidade é unha ofensa para min. Si que o é! Ou non é unha ofensa pensar que eu poida ter medo dun difamador desgraciado coma ese? Pero perdócho de todos os xeitos porque é unha mostra do teu grande amor por min. (*Abrázaa*) Si, así ten que ser, miña queridiña Nora. Veña o que veña, cando fai falta de verdade, eu terei valor e forza para o que sexa. Verás que son home para afrontar todo isto.

NORA: (*Morta de medo*) Que queres dicir con iso?

HELMER: Todo, dígocho, todo...

NORA. (*Con decisión*) Non, xamais terás que facelo.

HELMER: Ben, Nora, entón compartírmolo, como home e muller, así é como debe ser. (*Con aloumiños*) Agora estás máis contenta? Non, non me mires con eses ollos de paxariño asustado. Todo o que che pasa son so imaxinacións túas. E agora vas ensaiar a tarantela e tocar a pandeireta. Vou sentar no despacho e pechar a porta, e podes facer todo o rebumbio que queiras. (*Xira cara a ela na porta*) E cando chegue o doutor Rank, podes dicirlle onde me pode atopar. (*Fai un aceno coa cabeza, colle os seus papeis e pecha a porta do despacho*).”

(Fragmento de *Casa de bonecas*, Henrik Ibsen).

## **ARTES ESCÉNICAS**

### **OPCIÓN B**

1. A ópera na historia. Evolución e principais características. (4 puntos).

1. *La ópera en la historia. Evolución y características principales (4 puntos).*

2. Deseño da posta en escena do texto proposto (dirección de actores/interpretación, iluminación, xestión do espazo, escenografía e atrezzo...). Inclúranse, así mesmo, aspectos relacionados coa posible recepción do espectáculo e o seu público potencial. (6 puntos).

2. *Diseño de la puesta en escena del texto propuesto (dirección de actores/interpretación, iluminación, gestión del espacio, escenografía, atrezzo...). Se incluirán, asimismo, aspectos relacionados con la posible recepción del espectáculo y su público potencial. (6 puntos).*

*“Pouco a pouco, ao conxuro das palabras do vello, as cousas e a xente van cobrando vida.*

O HOME DA GABARDINA *escóitao con atención.*

O TÍO SAM: *(Achegándose a cada un dos sitios de que fala)* Os fillos da Chonchoniña xogaban a policías e ladróns neste 1.500 abandonado.

*Hai dous nenos xogando no interior da esqueleto dun 1.500 branco.*

NENO 1: Acelera! Veñen pisándonos os talóns!

NENO 2: Dispáralles as rodas dianteiras!

NENO 1: *(Disparando co dedo.) Bang! Bang!*

NENO 2: Décheslles?

NENO 1: Dei! Pero seguen achegándose! Coidado coa curva!

NENO 2: Dispara outra vez!

NENO 1: *Bang! Bang!*

*Os nenos seguen ao seu e o vello vai a outro punto da praza.*

O TÍO SAM: ...Goliat practicaba sen éxito nos zancos que lle fixeramos había uns días...

*Un anano intenta, infrutuosamente, dar máis de dous pasos seguidos nuns zancos.*

O TÍO SAM: ...O Sinatra e a Sabrina enredaban ao pé do farol que, coma sempre, estaba apagado...

*Unha parella de rapaces novos tontea no escuro. Apreciase, maila a escasa luz, que ela leva con fachenda un incipiente embarazo,*

O SINATRA: *(Intentando meterlle man na entreperna.)* Que tal tes a catalítica hoxe, nena?

SABRINA: Para coas mans, que te queimas.

O SINATRA: *(Conseguindo meterlla)* Tanto che ferve?

SABRINA: Serás cab...? *(Dálle unha labazada na cara.)* Por fedellas!

O SINATRA: Non eras así de estreita con el!

SABRINA: El non babexaba ao mirarme.

*O vello achégase a unha das casas. Tras as bambalinas da ventá adivíñase a sombra de alguén.*

O TÍO SAM: A pobre da Hortensia latricaba unha vez máis co vento quen sabe de que novos soños frustrados...

*Descórrense as bambalinas e aparece dona HORTENSIA falándolle a ninguén. É unha vella de aspecto agradable, pero aloucado.*

O TÍO SAM: ...e o Xeneral Grant, eu chamáballe así polo dado que era a mandar, escondíase tras dunha porta entornada e axexábo todo con aire de clandestinidade.

*Un cincuentón raro, con aire entre de crego e de militar dos de sabre, aséxao todo como agardando que dun momento a outro estale unha guerra ou se produza un milagre.*

O TÍO SAM: A ela, aínda que xa estaba alí eu non a vin ao chegar.

*Sobre o escaparate da tenda de antigüidades recórtase a silueta dunha muller, aínda que dura, de bo ver. O Tío SAM fúndese con ese tempo da memoria e sobre O HOME DA GABARDINA cae o escuro ata o facer desaparecer.*

O TÍO SAM: *(Poñéndose firme con burlona marcialidade.)* En que refrega nos veremos envoltos hoxe, meu xeneral?

O XENERAL GRANT: *(Sen deixar a posición.)* Na da caza e expulsión das xitanas. Desta noite non pasa sen que as pille *infragantis* e aleivosas, ou sexa, coas mans na masa.

O TÍO SAM: Se veñen.

O XENERAL GRANT: Viran.

O TÍO SAM: *(Acariñando un dos nenos.)* Aínda non chegou a vos a nai, rapaces?" (...)

(Fragmento de *Saxo tenor*, Roberto Vidal Bolaño).

## **ARTES ESCÉNICAS**

### **OPCIÓN A**

1. O teatro clásico grecolatino: características, xéneros, evolución histórica (4 puntos).

1. *El teatro clásico grecolatino: características, géneros, evolución histórica (4 puntos).*

2. Deseño da posta en escena do texto proposto (dirección de actores/interpretación, iluminación, xestión do espazo, escenografía e atrezzo...). Incluiránse tamén aspectos relacionados coa posible recepción do espectáculo e o seu público potencial. (6 puntos).

2. *Diseño de la puesta en escena del texto propuesto (dirección de actores/interpretación, iluminación, gestión del espacio, escenografía, atrezzo...). Se incluirán, asimismo, aspectos relacionados con la posible recepción del espectáculo y su público potencial. (6 puntos).*

“(…) O HOME DA GABARDINA e O Tío SAM, *falando*.

O Tío SAM: Ao final o rapaz enterrárono sen o saxo, claro. Cando llo fun levar á casa ao seu pai, negouse a collelo. Pensei en facelo á forza, pero O Lanzao non estaba; o anano, malia os zancos, seguía sendo anano e os outros pasaron. Despois souben que o tapara todo. O do escaparate, o da Lola, o la Sabrina, ata onte, en que se ve que a señora determinou que xa estaba farta da vida e veu buscar a morte onde a topara hai dous anos seu fillo.

O HOME DA GABARDINA: Veu buscar á Lola?

O Tío SAM: Non. A tenda fechou... onde vai! E O Xudeu e a Lola mudáronse. i/eu a se ver con aquel home para lie dicir que o ía levantar todo.

O HOME DA GABARDINA: E todo que é? O que me contou?

Tío SAM: Iso e mais estoutro.

*Colle dun agocho un sobre cheo de papeis.*

Tío SAM: Deumo ela para que llo gardase, antes de o ir ver a el.

O HOME DA GABARDINA *mira o contido do sobre con moita atención*.

Tío SAM: Hai dabondo para ll e facer mal a ese cabrón, Johnny?

O HOME DA GABARDINA: Hai mais do que eu agardaba, pero...

O Tío SAM: Pero, que?

O HOME DA GABARDINA: En calquera outro sitio todo este asunto sería unha noticia de primeira páxina, pero aquí... Son cousas que pasan todos os días.

O Tío SAM: E sempre hai probas coma esas?

O HOME DA GABARDINA: Non, pero... Verá, estes *trapicheos* dos políticos sábeos todo o mundo e a ninguén lle importan.

O Tío SAM: A el vese que sí.

HOME DA GABARDINA: Que a el lle preocupe o asunto non fai que se volva noticia.

O Tío SAM: E se lle dixese que vin quen a matou?

O HOME DA GABARDINA: Iso sería diferente. Quen foi?

O Tío SAM: Ten prendido aínda o aparello?

O HOME DA GABARDINA: Sí, claro.

O Tío SAM: E todo o que levo dito está aí, dentro diso?

O HOME DA GABARDINA: Sí.

O Tío SAM: Coa miña voz.

O HOME DA GABARDINA: Coa súa voz.

O Tío SAM: Déixeme escoitala. Non me oín nunca.

O HOME DA GABARDINA: Outro día, Tío Sam. Hoxe é moi tarde xa.

O Tío SAM: Nunca estivo prendido, non si?

O HOME DA GABARDINA: Non.

O Tío SAM: Por que?

O HOME DA GABARDINA: Tío Sam, vostede sabe mellor ca min como son estas cousas.

O Tío SAM: Xa. Coñeceu isto antes?

O HOME DA GABARDINA: Non.

O Tío SAM: Non perdeu nada. Podería ser o máis ruín curruncho arrabaldeiro de calquera sórdido lugar do "profundo sur" Sabe do que falo?

O HOME DA GABARDINA: Non.

O Tío SAM: Dos Estados Unidos do Norte de América. Coñéceos?

O HOME DA GABARDINA: Nunca estiven alí.

O Tío SAM: Pero saberá como son polas películas?

O HOME DA GABARDINA: Mais ou menos.

O Tío SAM: Eu percorrinos centos de veces de costa a costa e de norte a sur. Nova York, Cincinnati, San Francisco, Los Angeles, Chicago. Alí, con moito menos do que ten vostede nas mans, poderían tombar un presidente.

O HOME DA GABARDINA: Tamén saben facer outras cousas.

O Tío SAM: Sí, señor. E nos cada vez nos parecemos menos a eles no bo e mais no malo. Non é do xornal, non si?

O HOME DA GABARDINA *garda silencio*,

O Tío SAM: Vese que ese cabrón é de verdade importante. Podería devolverme os retratos. O meu e o de Rita Hayworth. (...)”.

(Fragmento de *Saxo tenor*, Roberto Vidal Bolaño).

## ARTES ESCÉNICAS

### OPCIÓN B

1. As artes escénicas en Galicia (etapas históricas, características, autores) (4 puntos).

1. *Las artes escénicas en Galicia (etapas históricas, características, autores) (4 puntos).*

2. Deseño da posta en escena do texto proposto (dirección de actores/interpretación, iluminación, xestión do espazo, escenografía e atrezzo...). Incluiránse tamén aspectos relacionados coa posible recepción do espectáculo e o seu público potencial. (6 puntos).

2. *Diseño de la puesta en escena del texto propuesto (dirección de actores/interpretación, iluminación, gestión del espacio, escenografía, atrezzo...). Se incluirán, asimismo, aspectos relacionados con la posible recepción del espectáculo y su público potencial. (6 puntos).*

“(...)NORA: Debes de estar moi canso, Torvald.

HELMER: Non, en absoluto.

NORA: Non tes sono tampouco?

HELMER: Nada, ao contrario. Síntome francamente moi animado, pero ti tes cara de estar cansa e con gana de durmir.

NORA: Si, estou moi cansa. Quero ir durmir agora mesmo.

HELMER: Non ves como foi unha boa idea que non quedásemos máis tempo!

NORA: Sempre tes razón!

HELMER: (*Bícaa nafrante*) Por fin, a miña rula fala coma unha persóia... Pero viches o animado que estaba o doutor Rank?

NORA: Ah, si. É certo! Non cheguei a falar con el.

HELMER: Eu tampouco, pero hai tempo que non o vía de tan bo humor. Hmmm, pero non é marabilloso estar de volta na nosa casa, e estar a soas contigo! A miña esposa, tan nova e deliciosa, fermosa!...

NORA: Non me mires así, Torvald!

HELMER: Como non vou mirar a miña propiedade máis prezada? Toda esa delicia que é miña, so miña, miña enteira!

NORA: (*Escapa ao outro lado da mesa*) Torvald, non quero que me fales así esta noite.

(Fragmento de *Casa de bonecas*, Henrik Ibsen).

# Criterios de Avaliación / Corrección

## CONVOCATORIAS DE XUÑO E SETEMBRO

A proba busca compaxinar os aspectos teóricos e historiográficos coa redacción dun exercicio práctico, xa que non se trataba dun comentario de texto convencional, senón de que os alumnos amosaran a súa capacidade para explicar as decisións de posta en escena, de cara a unha hipotética montaxe do fragmento proposto. Trátase de aproximar a proba o máximo posible á orientación eminentemente práctica e creativa da materia. A puntuación máxima será de 4 puntos para a primeira proba e de 6 para a segunda, en función da súa diferente complexidade.

Os criterios de avaliación, en relación co dito, terán que ver co rigor teórico e historiográfico dos contidos, así como coa capacidade de expresión e síntese do alumno. No comentario do texto, valoraranse tamén os aspectos citados, mais o maior interese ficará na análise das súas aptitudes creativas, así como na demostración da asimilación teórica e práctica dos conceptos básicos relacionados coa arte e a técnica da posta en escena.